

Expediente: 29/2024

Asunto: Resolución petición de acceso á información pública

Interesada: [REDACTED]

Con data 27 de decembro de 2024 tivo entrada na Universidade de Vigo, a través da plataforma de Información Pública, unha solicitude de acceso á información pública ao amparo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo, na que solicita:

Informes do curso 2023/24 para o PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito: - MAT. Matrícula - REN. Rendemento -ABA.Abandono -GRA.Graduación

Unha vez analizada a solicitude, a Universidade de Vigo comproba que a información solicitada non se atopa en ningunha das causas de inadmisión establecidas na lexislación polo que se procede a súa tramitación.

Do análise da información solicitada, compróbase que a información solicitada non está entre os límites previstos na normativa de transparencia.

A información solicitada por vostede fai referencia o Datawarehouse Académico da aplicación informática Microstrategy, que é accesible a través dos informes públicos no apartado de Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia. O sistema Datawarehouse está programado para obter a información da aplicación informática de xestión académica XESCAMPUS. Esta aplicación dispón de datos ata o curso 2022/2023, e a partir do curso académico 2023/2024 implementouse na universidade unha nova aplicación de xestión académica denominada SIGMA. A información dos indicadores académicos das titulacións de grao e máster só están dispoñibles no Portal de Transparencia ata o curso 2022/2023, pendente da actualización do curso 2023/2024.

Unha vez se establece o proceso de implementación da nova aplicación de xestión académica SIGMA é preciso programar un novo Datawarehouse Académico cos indicadores académicos das titulacións de grao e máster e a súa publicación no Portal de Transparencia para que sexan accesibles a tódolas persoas interesadas.

Por isto, esta Secretaría Xeral RESOLVE:

Non poder acceder ao seu pedimento polo anteriormente exposto namentres non se programe un novo Datawarehouse Académico e se fagan públicos os correspondentes indicadores académicos.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, previa e potestativamente, reclamación perante a Valedora do Pobo que será resolta pola Comisión de transparencia de Galicia no prazo dun mes; en ambos casos, o prazo contarase dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución.

Vigo, data da sinatura dixital

A Secretaría Xeral